

Analizar e formular críticas literarias

Reaccións máis formais e intelectuais. Os aspectos inclúen : o significado de feitos dunha novela, os diferentes tipos de tratamento dun mesmo tema en diferentes obras e outras ligazóns entre elas, a medida na que unha obra obedece ou non a convención, e unha avaliación máis global da obra no seu conxunto. As nocións clave concretizadas na escala seguinte :

- comparar obras;
- dar opinións fundadas sobre unha obra;
- avaliar de maneira crítica os aspectos dunha obra, incluíndo a eficacia das técnicas empregadas. Non existen descriptors para os niveis A1 e A2. Ata o B2, insistimos máis na descrición ca na avaliación. No nivel B2, o lector pode analizar os parecidos e as diferenzas entre as obras, dar unha opinión fundada e ter en conta os outros puntos de vista. No nivel C1, a análise é máis sutil, e faise sobre a forma en que a obra interesa ou non o auditorio, o seu nivel de clasicismo, o seu emprego da ironía. No nivel C2, o lector recoñece a subtilidades lingüísticas e estilísticas, é capaz de ver as connotacións e facer críticas sobre a forma na que na obra literaria, a estrutura, a lingua e as figuras retóricas son utilizadas.

C2 Dar unha apreciación crítica sobre obras de épocas e de xéneros diferentes (novelas, poemas, pezas de teatro). Ter en conta os diferentes tipos de estilo e de significados implícitos e explícitos. Distinguir as subtilidades da linguaxe, as figuras retóricas e de estilo, interpretar os significados e as connotacións. Avaliar desde un punto de vista crítico a maneira na que as estrutura, a lingua e a retórica son utilizados con fins específicos nunha obra e explicar de maneira argumentada porqué ese uso é adecuado e eficaz. Dar unha opinión fundada sobre a ruptura voluntaria das convencións lingüísticas dunha obra escrita.

C1 Dar unha opinión crítica sobre unha gran variedade de textos de obras literarias de épocas diferentes. Apreciar en qué medida unha obra literaria obedece a convencións de xénero. Describir e comentar a maneira na que unha obra implica ao público.

B2 Comparar dúas obras, os seus temas, as súas personaxes e as escenas, buscar parecidos e diferenzas, explicar a pertinencia deses parecidos. Dar unha opinión fundada sobre unha obra, tendo en conta os elementos temáticos, estruturais e formais e facer alusión ás opinións e aos argumentos doutras persoas. Apreciar a forma na que unha obra favorece a identificación coas personaxes e dar exemplos. Describir cómo unhas obras diferen doutras polo tratamento das mesmas temáticas.

B1 Designar os episodios e os feitos máis importantes do relato, claramente estruturado, redactado unha linguaxe simple e explicaro significado dos feitos así como a súa ligazón. Describir temas e personaxes chave de relatos curtos en linguaxe cotiá moi simple e en siatucións familiares.

A2 Identificar e describir brevemente, con fórmulas simples, temas e personaxes chave de relatos curtos e simples en linguaxe cotiá moi simple e en situacións familiares.